



NORMAS DE UTILIZACIÓN DA CANLE DE WHATSAPP DO CONCELLO DE NEGREIRA

Como tramitar as altas e as baixas no servizo?

As persoas interesadas en darse de alta na canle de WhatsApp Concello de Negreira deberán:

1. Agregar o número 609 70 41 09 aos seus contactos
2. Escribir unha mensaxe de WhatsApp coa palabra "ALTA"
3. A continuación, o usuario ou usuaria recibirá unha mensaxe de benvinda ao servizo.

Realizando este procedemento de ALTA, os usuarios/as dan o seu consentimento para recibir información dende o Concello de Negreira a través da súa canle de WhatsApp.

Aquelas persoas que desexen darse de baixa, poderán enviar unha mensaxe de WhatsApp de novo ao número 609 70 41 09 coa palabra "BAIXA". Dende ese momento, deixarán de recibir información por dita canle.

Como se envían as mensaxes?

O servizo consiste nunha lista de difusión, non dun grupo no servizo de mensaxería, polo que os usuarios/as non terán acceso aos datos ou información do resto dos inscritos/as na canle de WhatsApp.

O Concello de Negreira é o administrador do servizo, polo que é propietario do mesmo e desde onde se remitirán as mensaxes.

Que normas de uso deben cumprirse?

A canle de WhatsApp do Concello de Negreira é unidireccional, polo que os usuarios/as do servizo non poderán enviar mensaxes de resposta nin realizar consultas.

A alta no servizo implica a aceptación das condicións e normas de uso expostas no presente documento. O administrador do servizo poderá dar de baixa automática a aquelas persoas que non cumpran a normativa.



As comunicacións da canle de WhatsApp son enviadas polo Concello de Negreira a destinatarios/as cos que mantén unha relación contractual previa ou que solicitaron ou autorizaron expresamente o seu envío.

Poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, así como outros dereitos previstos na normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal, ante Concello de Negreira, responsable do tratamento, dirixíndose por escrito a Rúa Carmen, 3, 15830 Negreira, A Coruña, ou ben mediante correo electrónico dirixido a concellonegreirawhatsapp@gmail.com

En ambos os casos deberá acompañar unha copia do seu documento nacional de identidade, pasaporte ou outro documento válido que lle identifique.

Se non desexa recibir máis comunicacións comerciais deste tipo, pode darse de baixa enviando un correo electrónico á seguinte dirección concellonegreirawhatsapp@gmail.com indicando no asunto a palabra "BAIXA", ou enviando unha mensaxe de WhatsApp ao número 609 70 41 09 coa palabra "BAIXA".